

TEMPOS VERBAIS/ TEMPOS MORTOS

Pseudónimo: Cotovía dos Camiños

Pretérito (im)Perfecto

Monte mesto de carballos e sobreiras, piñeiros e castaños, monte arriba, monte abaixo.

Á beira do río, espesura de salgueiros e freixos, abelairas e bidueiros. Loureiros e cerdeiras bravas chuchando ata fartarse auga do río. Quen llelo priva se a auga dá para zugaren vida fentos e brións, buños e xuncos, espadanas e pés de boi? E o río, alegre e cantareiro, profundo e serio, vai por treitos, segue o seu devalar continuo, cara onde?

Niños agochados de carrizos e lavercas, lagarteiros, paspallás, camuflando meses de traballo minucioso onde acobillar a vida.

Carreiriños estreitos serpeantes debuxando laberintos ata o río. Regueiros de auga cantareira, fría e transparente coma cristal.

Croios esbaradizos postos aquí e alí por ninguén para ir saltaricando sen espetarse na lama.

Fentos acastañados con tonalidades caoba irto baixo a raiola, prestos para seren chapodados pola fouce para chamuscar o porco polo Samartiño, arrecendendo a monte vivo, a froito maduro. Gana de meter o nariz no feixe unha vez acugulado o moriquiño necesario para queimar superficialmente o coiro duro do cocho.

Silvas nas beiras e nos roleiros ofrecendo amoras negras e brillantes como a noite morna do outono.

Landras tapizando o camiño coma un terapéutico tapete antiestrés onde pousar os pés, cando o descougo non tiña nome e a doenza non era tal.

Toxos tenros, dondiños ó tacto que aínda han de medrar abondo antes de seren rozados para estrar as cortes e o curral.

Chíos de paxaros, bruar das vacas, beos de ovellas e cabras, risotadas de rapaces coidando o gando cando as vacas tiñan nome e cada Toura ou cada Xuvenca atendían á voz coñecida que as chamaba para alindalas.

Asubíos de homes recollendo folla con que cargar o carro e cantares de mozas apañando a herba no prado a carón do río.

E o Ulla mansamente rosmando cara adiante, sen presa pero tampouco sen parar nunca, aínda que por veces se remansase para reflectir no espello da auga queda e sosegada dos Canás as imaxes das árbores retorcidas inclinándose para vérense nela.

Polo Chouso, camiño de Entrasaugas, antes de chegar á Cova de San Xoán, o Ulla colle carreiriña para pasar de contado por este lugar tabú e medoñento. O perigo, mellor non deterse nel.

Non era por alí embaixo “ Onde morreu Margarida”? Por algo o monte nese tramo se chama así.

Non era baixo a ponte de Gundián onde hai unha chea de tesouros do tempo dos mouros, tan fondos, tan fondos que nin con sete adivais enganchados uns noutros se daría chegado a eles?

Si, alí permanecían na profunda negritude un carro de bois cos seus ladrais e os seus fungueiros, unha grade, un xugo e un soliño, todo de ouro macizo, mesmo a chavella e o loro. Ninguén veu nada. Pero sábese con certeza. Todo é consecuencia das ultrasecretas e ocultas vías subterráneas, tamén subacuáticas, polo visto, que comunicaban o Pico Sacro co Coto de Castro. Esas si que eran obras de enxeñería antes das tuneladoras.

Medo e misterio envolvían a Insua arredor da Poza de San Xoán, Penedos abaixo.

Un aquel desacougante marcaba a zona de alarma non escrita, non delimitada pero si

sentida para quen frecuentaba tales paisaxes dunha fermosura inquietante e sobrecolledora.

E que representaba o monte para a xente da aldea? Todo.

A leña para o lume. O pasto para o gando. O molime para estercar as leiras despois de estrar as cortes. A fonte de liquidez para pagar a contribución. Esa si que non esperaba. Vendíase unha partidiña de pinos e xa quedaba resolto, polo menos para o ano en curso, o problema ineludible. A madeira para repisar o pallal e facer as portas dos cortellos ou o pao do galiñeiro e as pezas dos zocos. As cortizas das sobreiras para tapar as pipas do viño ou os pichos das fontes e as garrafas de augardente, as alvarizas que acollerían o mel de tanto enxamio como había. A herba briosa para o gando carretada monte arriba desde o lameiro a pé de río. As pedras par erguer casas e pendellos, hórreos e adegas. O monte era vida, reserva e seguridade para calquera continxencia. Chousas e chousos, tenzas, rañadoiros, pastos e reigadas...cada parcela co seu nome, cos seus límites, cada unha de seu dono.

E a area, entre río e monte, materia prima que daquela parecía que nunca se ía acabar, finiña e branca coma dunha praia coa que ningún veciño se atrevera a soñar.

E o río? Eran escalos e troitas, anguías, reos e algún salmón que enchían as chumbeiras ata rebentaren. Cando se daban ben, todo o lugar comía peixe pillado cunha certa clandestinidade, ou eso dicían os que ían “pillar”, que non pescar, de noite maiormente, mozos e algúns máis vellos que se daban cita para pasar a noite de farra mentres pillaban e pola mañá traían a mercancía aínda rebulindo.

Aturuxos de ledicia ou para espantar o medo, respondidos coma un eco por outros da banda dalá do río, de Donas ou Santamariña. A noite xa ía coma un río antes de que Cunqueiro a bautizase.

Presente contínuo

Desapareceron as vacas do monte. Xa ninguén leva o gando a pacer. Nin hai vacas nin xente para levalas. Os camiños de carro foron cubréndose de carrouchas, fentos, xestas e uvas de can. O monte, Coto arriba e Insua abaixo, está cruzado de pistas recheas de pedregullada branca da canteira, das canteiras. Todo branco, branco granito, branco seixo, branco cuarzo. Devalando cara o río. Todo son sucacos xigantescos, colosais, que amosan sen pudor as entrañas brancas do monte, feridas expostas, abertas, esgazadas que nunca han cicatrizar: “impacto medioambiental irreversible”, din os papeis. Perdéronse os límites, perdéronse os nomes. Xa non quedan chousas nin tenzas, chousos nin lameiros, brañas nin camposas, rañadoiros nin reigadas. Todo se unificou nun nome: canteira. Todo é dunha soa cor: branca. Só hai unha paisaxe de cráteres sen nome. Só hai un dono que si o ten. O monte vai dando paso a unha enorme canteira a ceo aberto onde os paxaros non teñen onde aniñar nin os raposos e coellos onde facer tobos.

A vida animal foi remprazada xunto coa vexetal por bestas de ferro en forma de máquinas para transformar a armazón do monte de San Miguel nunha morea inmensa de pedra explotada, machacada, moída, peneirada, exportada que deixa un oco sen fondo onde está sepultada a vida. Unha desfeita sen fin na que brúan día e noite as maquinarias infernais despois de que os estrondos de dinamita fagan estremecer canto bicho vivo, canta pranta quede na redondés.

A golpes se desfai a montaña. A quen lle importan as cargas, os tembrores, os regueiros de pedra e lodos cara o río? A quen lle doen os ollos feridos por un albor espectral onde antes había verde e vida? Os coellos e a raposa, os esquíos e os paxaros, u-los?

Para eles tamén chegou o momento de emigraren. Sen retorno.

Branco cuarzo. Branco seixo. Branco sepulcro. Branco espectral.

Futuro incerto/ sen futuro (próximo).

Por escribir.